

<i>Sección de contratación ROTFE</i> Contrato de concesión de servicios Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13IOER	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Data Creación:</i> 26-03-19 13:09

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NA NAVE NÚMERO 5 DO MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Obxecto:

Constitúe o obxecto do presente prego a definición das condicións técnicas as que debe someterse a explotación dos postos emprazados na nave nº 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

A actividade comercial desta nave oríentase ao desenvolvemento do obxectivo de incorporar á Praza de Abastos modelos de negocio que tendo como punto de partida o produto local xa presente na Praza de Abastos contribúan a mellorar a experiencia da clientela da Praza, ofrecendo novas maneiras de consumir e incorporar o produto da Praza ás rutinas diarias de compra e consumo.

De conformidade co establecido no prego de prescricións administrativas os postos adxudícanse en réxime de concesión administrativa polo prazo de 15 anos durante os cales os titulares terán dereito ao uso, disfrute e explotación dos mesmos, nos termos dos pregos de cláusulas, o Regulamento do Mercado de Abastos, o Regulamento de Servizos das Entidades Locais, a normativa patrimonial das Administracións Públicas e as ordes do Concello.

Relación de postos e características dos mesmos:

- Local nº 11: dimensións de 9,03 m2 (equivalencia 2 postos Mercado de Abastos).
- Locais nº 6 e 7: dimensións de 13,90 m2 cada un (equivalencia 3 postos do Mercado de Abastos)

Achégase plano da nave no que se contemplan os diferentes postos.

Todos os locais dispoñen de:

- Frontes en carpintería de madeira e persianas de aceiro inoxidable automáticas.
- Pavimento epoxi.
- Trasdosados en hidropanel e teito en pladur.
- Pintura en paramentos verticais epoxi e teito en silicato.
- Instalación eléctrica e iluminación.
- Instalación de saneamento e preinstalación de fontanería auga fría e quente.
- Cheminea de saída a teito para extracción de gases.

O concesionario, previa autorización do Concello, poderá realizar nos locais as obras de mellora, reforma ou acondicionamento que supoñan unha mellor imaxe ou funcionalidade dos mesmos, de feito para o efectivo inicio da actividade deben realizar os traballos de acondicionamento e equipamento interior que consideren preciso. Tales obras serán do seu exclusivo cargo e reverterán ao Concello ao finalizar o prazo de concesión sen que o concesionario teña dereito a percibir compensación ningunha por este concepto.

<i>Sección de contratación ROTFE</i> Contrato de concesión de servicios Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0ER	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Data Creación:</i> 26-03-19 13:09

Aforo, loxística e horario de apertura :

Os concesionarios deberán tramitar as correspondentes licencias de funcionamento dos locais ante as diferentes administracións competentes e axustar a súa actividade ao establecido naquelas.

A apertura neste horario axustarase ao establecido na normativa de aplicación.

A apertura e peche en horarios especiais derivada da realización de eventos específicos deberá contar coa previa autorización municipal.

O concesionario pondrá todos os medios loxísticos para transportar os elementos e enseres precisos para o desenvolvemento da súa actividade, responsabilizándose de garantir a cadea de frío e o respecto á normativa de saúde pública que en cada momento sexa de aplicación.

Serán de conta do concesionario todos os materiais, subministros e utensilios de carácter operacional, servizo, cocina etc, necesarios para poder realizar as súas funcións nos termos do prego.

O concesionario deberá facerse cargo do custe dos subministros de auga, gas, electricidade, telecomunicacións, etc.

O concesionario deberá desenvolver a súa actividade dentro do seu local.

Os titulares dos locais non poderán instalar elementos privados (mesas, cadeiras, expositores, etc) nas zonas comúns sen a previa autorización municipal nin ocupar estas con mercadorías.

Será responsabilidade do concesionario manter o seu local en perfectas condicións de limpeza facéndose cargo do seu custo.

Con respecto á limpeza das zonas comúns estarase ao réxime establecido para todos os usuarios dos postos da nave seguindo as indicacións da empresa Mercado de Abastos de Santiago Sociedade Cooperativa Galega.

Oferta comercial:

En atención ao ámbito espacial no que se emprazan os postos, o Mercado de Abastos, e o obxectivo da explotación dos locais todas as cartas de oferta de produto deberán estar redactadas como mínimo en lingua española e galega e recollerán os prezos de venda en euros co IVE correspondente.

Os concesionarios terán liberdade para definir os contidos das súas ofertas comerciais no marco dos pregos e da súa oferta.

Seguros:

<i>Sección de contratación ROTFE</i> Contrato de concesión de servizos Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON1310ER	<i>Expediente</i> CON/6/2019	<i>Data Creación:</i> 26-03-19 13:09

Os concesionarios deben concertar unha póliza de responsabilidade civil que cubra os riscos inherentes á actividade, así como un seguro de danos que cubre o continente e o contido correspondente ao seu local e estar ao corrente no pagamento das primas.

Ao inicio da actividade facilitará ao Concello as correspondentes pólizas e recibo de pagamento para a súa verificación e conformidade; sen este trámite non se poderá iniciar a actividade.

Réxime de uso:

Axustarase ao establecido no Regulamento Municipal da Praza de Abastos aprobado por acordo plenario do 29 de xaneiro de 2006 ou normativa que o substitúa.

Esta norma regulará todos os aspectos relacionados co uso e explotación dos postos, dereitos e obrigas dos concesionarios e procedemento sancionador.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019.

A técnica de Promoción Económica



Asdo.: Carme Casado Casado

ANUNCIO DE LICITACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBXECTO DO CONTRATO: Concesión de diversos postos na nave 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela..

REFERENCIA DO EXPEDIENTE: CON/6/2019.

TIPO DE LICITACIÓN:

A cantidade que o concesionario deberá pagar ao Concello será, como mínimo, a que se indica neste artigo, realizándose as ofertas á alza e rexeitando as proposicións que se presenten nas que se ofrezca un canon inferior ao respectivo tipo de licitación.

- Local nº 11: 12.024 euros/local.
- Locais nº 6 e 7: 18.036 euros/local.

O canon que cada un dos adxudicatarios teña que satisfacer ao Concello pola concesión do local será o que ofertara e será pagadeiro por unha soa vez no momento de formalización do contrato.

PRAZO DE EXECUCIÓN:

O prazo da concesión será de 15 anos que poderán ser prorrogados por un período de cinco anos máis ata un máximo de 50 anos en total. As solicitudes de prórroga serán formuladas polos titulares cunha antelación de tres meses á finalización do prazo de vixencia da concesión. (artigo 9 do Regulamento da Praza)

ADXUDICACIÓN: Procedemento Aberto.

PROPOSICIÓNS: Os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago), entre as 9.00 e as 14.00 horas, dentro do prazo de, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: Non se esixe.

DOCUMENTACIÓN/INFORMACIÓN:

O acceso público efectuarase a través desta ligazón:

<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>

Por medio do portal da web do Concello de Santiago de Compostela:

http://www.santiagodecompostela.gal/e_santiago/contratacions.php?lg=gal

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Son os sinalados na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas.

CLÁUSULA 11ª.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E A SÚA AVALIACIÓN.

CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUIZO DE VALOR: máximo 10 puntos.

1. Mellor plan de explotación.

Valorarase a mellor proposta de negocio considerando tanto a súa descrición da estratexia comercial no marco da maior aportación ao desenvolvemento do tecido económico do Mercado de Abastos, como o estudo de viabilidade económica do mesmo.

Os licitadores presentarán toda aquela documentación que consideren oportuna para a valoración do criterio.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS: máximo 23 puntos.

1. Mellor prezo ofertado sobre o canon: Ata 20 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación de 20 puntos a oferta máis alta e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$Px = PxMA * (OEX - PML) / (OEMA - PML)$$

Onde:

Px	Resultado obtido
PxMA	Puntuación económica máis elevada (20 puntos)
OEX	Oferta económica a valorar
OEMA	Oferta económica máis elevada
PML	Prezo mínimo da licitación

2. Valorarase con 3 puntos o uso do produto enogastronómico galego no desenvolvemento do negocio, con especial atención ao produto con denominación de orixe e/ou indicación xeográfica protexida. Valorarase o uso do produto enogastronómico galego sempre e cando a proposta de oferta de produtos do establecemento conte, como mínimo, cun 30% de produtos orixinais ou elaborados a partir de produto enogastronómico galego, circunstancia esta que se acreditará mediante a presentación ante o Concello das cartas de compromiso orixinais asinadas polos provedores nas que quede constancia da orixe galega do produto, da denominación de orixe e/ou indicación xeográfica protexida do mesmo.

GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do canon ofertado.

APERTURA DE PLICAS: As datas de apertura dos sobres que conteñen os diferentes criterios de adjudicación a valorar nesta licitación, que terán lugar en acto público no Departamento de Contratación (R/ Presidente Salvador Allende nº 6-8), anunciaranse previamente no perfil de contratante do órgano de contratación nos termos sinalados no prego de cláusulas administrativas.

GASTOS DE ANUNCIOS: O gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adjudicatario.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020.